

# Curso de blogs e iniciación a ferramentas multimedia

para o traballo en normalización lingüística  
(3.<sup>a</sup> edición - A Coruña, novembro de 2010)

10, 11 e 24  
de novembro de 2010  
A Coruña  
www.ctnl.org

## Obxectivos xerais

- ✓ Analizar as posibilidades e vantaxes que poden ofrecer os blogs e outras ferramentas multimedia básicas para o traballo en normalización lingüística
- ✓ Coñecer as vantaxes dos blogs para a publicación de materiais, para o traballo colaborativo, para a optimización de recursos, para a difusión de accións, etc.
- ✓ Potenciar o uso das novas tecnoloxías, da web 2.0, a difusión de accións a través da rede e o traballo colaborativo en internet
- ✓ Que as persoas participantes aprendan a crear e xestionar blogs, a integrar nel outras ferrametas, e a aproveitar as súas potencialidades para o traballo en normalización lingüística

## Contidos

- ✓ A blogosfera e o blogomillo: os blogs como ferramenta para a normalización lingüística. Exemplos.
- ✓ Principais sistemas para xestionar blogs: a Blogoteca (www.blogoteca.com) e a Blogaliza (www.blogaliza.org). Vantaxes e principais características
- ✓ Manexo dun blog na Blogoteca e en Blogaliza
- ✓ Configuración xeral dun blog. Edición de entradas, de páxinas dinámicas e de páxinas estáticas. Etiquetas e categorías. Control de usuarios/as. Xestión de

comentarios. Utilidades. Deseño e engadidos.

- ✓ Integración de contidos no blog:
  - Fotos: aloxamento (Flickr, Picasa)
  - Presentacións e documentos (Google Docs, Slideshare, Scribd)
  - Son e podcast
  - Vídeo
- ✓ Redes sociais e difusión de contidos
- ✓ A RSS: a sindicación de contidos

## Profesorado

- ✓ Olga Patiño Abeixón  
Mestra e dinamizadora sociolingüística. Ten traballado en diversos proxectos formativos relacionados coa didáctica, a dinamización e as novas tecnoloxías
- ✓ Iván Méndez López  
Técnico de normalización lingüística. Ten traballado en proxectos relacionados co software libre e noutras experiencias de normalización lingüística na rede

## Datas, horarios e lugar

3.<sup>a</sup> edición: A CORUÑA, novembro de 2010

| Día                    | Hora                                   | Lugar  |
|------------------------|--|--|
| Mércores<br>10 de nov. | 16.30 h a 20.30 h                      | AulaNet da<br>Fac. de<br>Ciencias da<br>Educación<br>da Univ. da<br>Coruña |
| Xoves 11<br>de nov.    | 10.00 h a 14.00 h<br>16.30 h a 20.30 h |  |
| Mércores<br>24 de nov. | 16.30 h a 20.30 h                      |  |

ORGANIZA



ctnl  
Coordinadora de Traballadores/as  
de Normalización da Lingua

COLABORAN



## Duración

- ✓ 20 horas (16 presenciais e 4 de traballo non presencial)

## Persoas destinatarias

- ✓ Traballadoras de servizos de normalización lingüística
- ✓ Traballadoras de empresas, asociacións e outras entidades que traballan pola normalización da lingua
- ✓ Persoas interesadas en traballar en normalización da lingua

## Procedemento, calendario de inscrición e límite de prazas

- ✓ Inscrición: a través do formulario habilitado para o efecto no web [www.ctnl.org](http://www.ctnl.org)
- ✓ Límite de prazas: 18

Dado que o número de prazas está limitado a 18, terán preferencia, en primeiro lugar, os/as socios/as da CTNL e, a continuación, os/as técnicos/as de entidades que formen parte da Rede de Dinamización Lingüística. Despois disto, respectarase a orde de inscrición.

Non se pode pagar a cota de inscrición até que non se publique a listaxe de persoas admitidas.

As persoas incluídas nesa listaxe de admitidas deben ingresar o importe da matrícula na conta da CTNL en Caixa Galicia número 2091-0377-74-3040004060, indicando o seu nome completo e mais o concepto "Curso blogs".

Se unha persoa está na listaxe de admitidas e non vai participar no curso, **debe comunicalo** por teléfono ou correo electrónico o máis axiña posíbel, para así poder incorporar, con suficiente antelación, a seguinte persoa da listaxe de agarda.

## Calendario de inscrición

- ✓ Prazo de **solicitud** de participación no curso: desde o 26/10/2010 ás 10.00 h até o 30/10/2010 ás 24.00 h
- ✓ Publicación da **listaxe** de persoas admitidas: 2/11/2010 ao longo da mañá
- ✓ Prazo para facer o **ingreso** de matrícula: 5/11/2010
- ✓ Datas do **curso**: 10, 11 e 24 de 2010

## Cota de inscrición

- ✓ Socias/os da CTNL: 30 euros
- ✓ Estudantes, bolseiras/os e desempregadas/os: 40 euros
- ✓ Non socias/os da CTNL: 100 euros

## Certificado de asistencia

- ✓ Para obter o certificado de asistencia hai que participar en, cando menos, o 80% das horas totais do curso

### +info

Entra en [www.ctnl.org](http://www.ctnl.org)

Escribe a [info@ctnl.org](mailto:info@ctnl.org)

Chama ao 629 571 950

#### ORGANIZA



**Ctnl**  
Coordinadora de Traballadores/as  
de Normalización da Lingua

#### COLABORAN



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística